

MONEIXAS (Laín)

Igrexa de Santo Adrao de Moneixas

CADERNO Nº1 (Filgueira, 259-10)

Conserva o muro románico c'unha columna con base, sin cap[itel].

Debe conservar o arco triunfal. Non nos deixaron vela.

Cruceiro 1763.

Nun muro hay un gran capitel de fitaria.

NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/3)

Moneixas

- Ferrarias e nabos.
- O orballo de agosto pra o prado.
- Sólo fan en domingo unha labor; voltear e recoller a herba (julio e agosto).
- A fruta que cai (castañas, é de todos).

Acrutar: a-curutar pra que decorra a auga abaixo.

Colmar o palleiro (con palla centea) - fundar o palleiro. Colmar o palleiro.

Corona e cruces sobre o palleiro, moi feitas de palla mesmo. A fan as mozas.

Ao palleiro póñenlle polas birtas.

En 1^{os} de abril hay que escotal-a herba.

Carrete 6?

Carrete 7, termina en la vieja de Reboreda ou como se chame.


Morreias.

Estendel-a tella (a cinza que serve de abono pra o trigo).


8^o carrete.

Moneixas, Igl [esia].

(De Moneixas é o retrato do retabliño da Santa Bárbara ou da santa que

sea, pequeno, ca  enriba i-abaixo). (*Anagrama de Virxe María*).


Tampa



(*Bosquexo da tampa*)

Pena do Muiño (ou do encanto). Leenda moderna.


A entrada nas capelas lateraes é grande.

O  pequeno. (*Bosquexo de distancia entre muro e pilar*).

CADERNO Nº2 (Filgueira, 259-10)

Moneixas.- Cruceiro do XVIII, corrente, fuste liso, capitel de follas, como de un lado e Dolorosa do outro. Lugar da Eirexa.

(*Plano da igrexa e do adro*)




A bóveda da capela é de cascotes, as capelas laterales do AÑO 1770 (fecha no arco do evanxeo). A de enfrente 1773.

Ancho de muro
na ousia 0,75



Luz arco
triunfal 4,39

*(Bosquexo do
interior da
igreja)*



Esta ventana somentes no brazo dereito do cruceiro.

(Bosquexo das columnas do interior)





Moneixas. Porta.

(Bosquexo da portada da igrexa).

En Moneixas hay gaiteiros moi boos; os
Dezas.

Un anaco de cordobán n'unha silla
vulgar, na casa rectoral.


No arquivo Parroquial bautismos hasta o
XVII, contas, visitas vellas e cofradías.

No libro de fábrica de Catasós, na
rectoral de Moneixas, auto de visita de
1736 ordéase que se enterren as imaxes
antigas.

Libro de Fábrica de Moneixas. En la visita de 1730 se ordena que se haga la sacristía porque la Iglesia no la tiene.

Libro de Fundaciones de las parroquias de Santiago de Catasós y San Adrián de Moneixas.

“Copia simple de la escritura de Concordia otorgada entre el Illm^o señor D. Juan de Toledo, Cardenal Arzobispo de Sant^o. y D. Fernando de Castro, Marqués de Sarria sobre las Jurisdicciones de Deza y Abeancos confirmados por su Santidad y Real Magestad en el año de 1556 según se alla auténtico en el archibo del S. Arzop^o, fol. 171 y sg.”



Rectoral de [en branco].

O padriño traía no bautismo, da súa casa, os paniños purificadores, de uns 5 cm², a toalla, pra porlla ó neno pola cabeza, e a sal.

Un día o cura de Vilanova topouse sen anillos nunha boda e tivo que facelos da alambre.

Nas bodas lévase a parva, n'un cesto levan pan, dulces e botellas, e veñen a desaunar n'un cuartiño que hay na rectoral.

Non se casan en martes nin en viernes. O cura de Moneixas leva 14 anos e non recorda ningún n'estes días. Todo individuo que vai ó casamento leva regalo. O canelo é pan de trigo que levan despois da boda. As madriñas

teñen a obriga de dar a parva, o pañuelo á novia, igual ó que leva ela e mais despois a parva. E o padriño os puros ó novio. Despois, na primeira criatura fánlle un regalo: unha petada de trigo, un cesto de ovos pra a enferma, chocolate, etc. “pra a enferma”.

O padriño de boda é o de bautismo do primeiro neno, regálalle ó pai unha camisa e un calzoncillo e unha ola de viño “pra a enferma” e a propina ó sacristán e máis o primeiro vestido, a primeira gorra e os primeiros zapatos. A madriña un cesto de ovos, chocolate, manteiga, galiñas, etc.

Non hai fiadeiros, ruadas, nin se xuntan os mozos e as mozas a se divertir.

Pra ter mozo. Preguntan unhas mozas a outras e [ilexible] (a cuestionada non quer decir). Poden ter cantos mozos poden. Non hay cantos previos, nin nada.

Non hay retesías e aturuxos entre mozos e mozas, soio entre mozos. O aturuxo é de burla entre distintas parroquias. Xa houbo máis rivalidá antes, pero notase a unión parroquial marcadísima en tódol-os ordes, aunque sexan do mesmo cura como Catasós e Moneixas.

Aquí se declaran por fala e por escrita. Cando van dúas mozas n’unha feira o mozo acércase a unha pra declararse, logo á outra. Uns quitan cartas de cabeza e outros mercan coplas. Un mozo meteu n’unha carta un anaco de Concepción Arenal (dio o cura).

Non se poñen dibuxos nas cartas. Os novios fálanse soio os xueves e os domingos e se poñen elas arregladas na súa casa pra esperalos, empezan pol-o portal. Antes non había o de pedilas. Si os pais se conformaban, os mozos falaban na cociña ou na porta da corte. Pra entrar, ó mozo dille a nai que entre. O día do Santo, n’unha carta mándalle un pañuelo ou unha

postal. Ós poucos días de relacións teñen que roubarse un a outro o pañuelo. Agora fanse regalos. Si rifan devólvese a prenda. As peles do partido veñen todas de que o novio ande con outras. As novias e os novios engáñanse. Eles a espaldas de elas poden andar como non sexa diante dela. O novio pode mandar un mozo mandado pra que baile con ela, pra “falar por outro”, pra deccarse. E desque son novios igual. Admítense mozos de outra parroquia. Si siguen de novios n’unha romería ou n’unha feira paga él ós mozos, e vai ela. Cando queren casar vai o mozo con outro - solteiro ou casado - que se chama o faladeiro e levan a bota de viño e pídense. Logo os da casa poñen cena pra todos e beben a bota de viño. Non se convida a ninguén. Os pais poñen condicións: o interés xoga moito papel. Si unha moza ten un crío o mozo pon condicións pra se casar. Ela é mal mirada incluso por él. E póñense condicións.

Hai algo de imposicións dos padres entre familias, sobre todo si son ricos, pra axuntaren. Si se desfai o choio botadas as monicións, o mozo a veces emigra pra Boos Aires. A moza, si vai vivir pra a casa do mozo, regálalle un vestido compreto e viceversa.

Hai moita costume de casamento entre parentes. O mozo e o pai da moza lévanlle as monicións ó crego. Non hai despedidas de solteiro. É indiferente o de vestir á novia. O novio busca á moza na súa casa. E a madriña quita o pañolo e ponllo a ela no momento en que él chega. Logo a madriña sigue con outro igual.

Non hai pratos especiais da boda. Nos casamentos botan tiros ou bombas. Cando se está tomando a parva, hai costume de decir bromas ós novios. A boda leva dous días. No 1º boda eclesiástica, parva na rectoral e marchan á casa de donde sal a parada (novia ou novio). E á noite xa van,

acompañados por todos, á casa onde van a parar. E quedan con ela as irmáns, as amigas ou a madriña na mesma cama. Pero o mozo non durme con ela a primeira noite. Ó día seguinte hay o xantar na casa onde paran. Aquela noite durme xa co home.

El a veces é moi flatoso e dí “durmo con ela e, adiós”.

Si poñen casa a parte, merca ela a “cama de roupa”, con todo e o merca ela e cas súas mudas. Él leva outra, pero a veces. Si poñen casa o mercan entre iles. Casi ninguén por casa. Van sempre casa dos sogros. Non hay festas de aniversarios, nin regalos.

Cando se casan viudos hai cencerrellada. E si son vellos ou si son viudos e pagan festa, non lle fan nada. Fanna nove días fora do terreo d’eles, sin nombralos.

Ela éche boa moza
non che pode negar
éche o peor demo
que che hai n’este lugar.

E fan paradas, e lévannos n’unha tomba c’un castaño, e levan velas encendidas.

Cásanse sin relacións. Fan a cencerrada con cornos.

Cando a xente está moi grave e ten amistades, van botarlle sal e auga benda ó redor da cama, e encéndenlle velas. Cando more hai velatorio, rosario e responsos, e vai alá o crego. Ó salir o cadáver, si é cabo de casa, botan as vacas, e as facendas todas fora de casa. Dín que asi non morre outra besta. E hai que facelo antes que salga o cadáver.


Hay que estar alí a predicarlle ós veciños, etc. pra exhortalo.

[En Goyás meten os cadáveres na igrexa e arman na mesma igrexa, cos últimos responsos, unha gritería terrible].

As señas son na agonía. Si é home tres picadas, si é muller dúas.

Cada picada é

(Pentagrama do toque de campá)



Tócase logo mentres está o cadáver sobre terra. Non hai prácticas pra confrontar. Chámanlle “a ola” ó estertor.

É costume afeitar os mortos, lavalos, afeitalos e vestilos de limpo. Os pon na caixa, na de familia ou de fora. Si é de fora regálanlle unha camisa das boas de tela.

Sempre mercan calzado pra porllo. Os mozos van co mellor traxe. Os vellos con hábito.

Soio comen na casa e en outra habitación e os que andivesen no choio. Pol-a mañán ós que velaron dánlle copa e pan.

Abren as ventanas pra que os oian chorar, pero soio pra que veña a xente.

Cando morre un dín que vai o esprito pra a casa onde vai morrer outro. Non debe sairse de noite. Vense señas: choros, golpes, de noite. Vense viáticos. Todo son señas de difuntos: o moucho e a raposa [este] á señal efectuada. Convídase logo do enterro na festa á familia e ós que o levaron.

E tamén os curas si non cobran. Non hai hermandades. Si son mozas as levan mozas. Si son maores os da familia. Si morre unha moza non fan luto as demáis. Agora soio choran na casa cando sal o enterro. O enterro vai ó cementeiro pol-o camiño de carros. Si fose por un agro tomarían posesión os carros e faise camiño púbrico.

Non hay lugares sinalados. Responsos nos cruces de camiños, e no adro. Os homes ó pasar o enterro descúbrense, as mulleres arrodíllanse.

No enterro levan a parva. (En Dozón levan diante un carneiro).

Non hai ourentación das tombas. Bican a terra e bótanlla. Os cadáveres póñense na eirexa con catro velas.

Por ani-novo, nada.

Pol-os Reis cántase nas casas dos veciños. Son “os Reis do meniño”. (Os que dín son coñecidos; Escuchen señores). Si son rapaces dásele o aguinaldo, convídanse ós mozos ou danlle un magosto.

Non hai o San Antón.


NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/1)

MONEIXAS

Interior


De unha nave cuberta de madeira a 3 panos, con vigas que apoian en calzorros de madeira.

O chan solado en pedra de grau. Tribua ocupando o meio da lonxitude da eirexa con esqueiras de subida á dereita da porta principal (1º tramo de cinco escalons en pedra, 2º tramo en madeira).



As capelas lateraes, tamen cubertas de madeira e pavimentadas con lousas de granito, ábrense con arcos de medio punto que apoian en pilastras con capitel.

O intradós do arco da esquerda leva a data AÑO 1772.



A capela maor románica, con arco trunfal dobrado e forneiro no interior, cubrese con vouta de ½ cañón. Capitéis con follas e basas de garras.

O Retablo principal é barroco de 1 orde e frontón circular, de sabor popular. 3 calles e hornacinas. Fíxose no 1739, asegón inscrición por baixo das hornacinas lateraes, sendo párroco D. Pablo de Vereá y Aguiar.


NOTAS SOLTAS (Familia González García-Paz, 3-27)

Igrexa de Sta. María de Moneixas

Exterior

Fachada do S. XIX con portas de dintel adoelado medio punto de lús. Aparello de sillería.

A espadana remata en sobrealza do fronton curvo.





Os remates no alto.

Muros laterás de cachote con machos de sillar. No do lado N. rosetas románicas (inter canicelos).

Fiestra no ouso, medio punto moldurado con xunquillo, cicais resto de antiga fiestra románica.

Na parede da epístola ao exterior, na esquinal do ouso, contraforte de verteaugas incorporado ao aparello do muro.

Na mesma parede, servindo de reforzó ao segundo arco da capela maor, columna adosada, decorada a basa con motivo das garras.




Medio tapado pol-a capela lateral da epístola de data moi posterior, o contraforte do arco toral, seguido e recto do chan ao aleiro.

Na porción inferior do ouso o basamento ten o perfil propio do románico.


Interior

Unha nave cuberta de madeira a tres panos con vigas que apoian en calzorros de madeira.



Chan solado de pedra de gran.

Tribuna que ocupa a metade da lonxitude da igrexa, con esqueira de acero á dereita da porta principal (1º tramo de cinco escalóns de pedra. 2º tramo en madeira).




Alzado (Croquis).

As capelas laterás con arcos de medio punto tamén cubertas de madeira e soladas de pedra de grán. Os arcos apoian en pilastras con capitel de perfil:

No intradós do arco da esquerda

vai a data: AÑO

1772



A capela maior románica, con arco trunfal dobrado, cúbrese no interior con bóveda de medio cañón.

Capitéis de follas e basas con garras.

Retablo principal barroco de un orde e frontón circular. Tres calles de hornacinas.

Tipo popular, fíxose no 1739 asegón inscrición por baixo das hornacinas laterás. Consta o nome do párroco entón: Don Pablo de Verea y Aguiar.

Retablos laterás en neoclásico popular.

Na capela do Evanxeo, retabliño barroco compostelán (foto).